

FAQS | PREGUNTAS FRECUENTES PARA ENTIDADES

PROGRAMA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS FACOM

Prácticas en empresa. Que son?

As prácticas académicas externas son unha actividade formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada pola USC, que ten por obxectivo permitirles aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica de Grao e Máster. Asemade, contribúen á adquisición das competencias que lles preparan para o exercicio de actividades profesionais, facilitan a súa empregabilidade e fomentan a súa capacidade de emprendemento.

Que estudantes poden facer prácticas?

Estas prácticas están destinadas ao estudantado matriculado no Grao en Xornalismo, Grao en Comunicación Audiovisual, Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual e Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia.

Cantas convocatorias de prácticas hai por curso académico?

A Facultade de Ciencias da Comunicación convoca cada curso académico, dúas convocatorias que abranguen os seguintes períodos:

- 1ª Convocatoria de inverno: novembro - marzo
- 2ª Convocatoria de verán: abril - agosto

Cal é a duración do período de prácticas?

As prácticas curriculares terán unha duración de 300 horas e computan 12 créditos optativos no expediente do/a alumno/a. As prácticas extracurriculares van dirixidas a aqueles alumnos que xa realizaran as prácticas curriculares en anteriores convocatorias ou aqueles alumnos que así o soliciten expresamente. Os créditos extracurriculares non constan no expediente académico do alumnado, polo tanto, non computan para a obtención do título. Computarán como créditos extracurriculares no Suplemento Europeo ao Título.

Cales son as modalidades de selección do alumnado?

MODALIDADE 1 - Adxudicación directa

O estudantado que promova a formalización dun novo convenio de prácticas entre unha empresa e a facultade terá dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante.

MODALIDADE 2 - Probas de selección das empresas

As empresas colaboradoras poden establecer a realización dunha proba de selección. Esta selección seguirá os criterios que estableza a propia entidade. O calendario das probas de publicarase cunha antelación de 48 horas ao inicio das probas na páxina web da Facultade de Ciencias da Comunicación. O estudantado que obteña praza mediante as probas de selección non poderá asistir ao acto público de selección, considerándose irrenunciable a praza adxudicada. Aqueles/as estudantes que soliciten unha praza con proba de selección e non asistan serán penalizados/as e non poderán participar en ningunha convocatoria do curso académico.

MODALIDADE 3 – Acto público

O alumnado poderá optar ás distintas prazas que oferten as empresas colaboradoras que non realicen proba de selección. O alumnado elixirá entre as prazas dispoñibles segundo a cualificación media do seu expediente académico (protocolo SUG).

As prácticas son remuneradas?

A facultade de Ciencias da Comunicación establece que as prácticas académicas externas deben ser remuneradas. Os estudantes percibirán unha axuda económica mínima de 950 euros pola realización do seu período completo de prácticas.

Dependendo da duración das prácticas varían as horas semanais de dedicación e a remuneración mínima mensual:

Periodo/Duración	Horas/Semana	Remuneración Mínima Mensual	Remuneración Mínima Total
5 meses	15 h/sem	190 €	950€
4 meses	20 h/sem	238 €	952€
3 meses	25 h/sem	317 €	951€
2 meses	35 h/sem	475 €	950€
Outro Período/Duración	300 horas de Prácticas en total	Remuneración mensual proporcional	950€

**Interésame participar no programa de prácticas.
Cales son os pasos que debo seguir?**

1. Pórese en contacto coa Oficina de Prácticas (881 816 564, practicas.comunicacion@usc.es) para recibir o modelo de convenio e as indicacións oportunas. Este documento é de obrigado cumprimento e trátase do convenio de cooperación educativa entre a USC e a facultade de Ciencias da Comunicación para a realización de prácticas curriculares e extracurriculares. É un documento que debe asinar a entidade colaboradora e a vicerreitoría de organización académica da USC.

2. Cando o convenio está tramitado a entidade pasa a formar parte do programa de prácticas da facultade. Recibirá un correo da Oficina de Prácticas en cada un dos períodos (convocatoria de inverno e de verán) onde se lle preguntará se quere proporcionar oferta de prazas. Debe indicarse o número de prazas, as titulacións, a modalidade de selección (probos de selección ou adxudicación pública), horario, período e contía da bolsa. Con estes datos a Oficina de Prácticas elabora unha táboa con toda a oferta e celébrase na facultade unha xuntanza informativa co estudantado na que participan os/as coordinadores/as de prácticas da Facultade. Establécese tamén un calendario coas probas de selección indicando o tipo de proba, data e hora e a documentación precisa que debe aportar o estudantado, de ser o caso.

3. Se a entidade sinala “selección mediante proba” debe acudir no calendario fixado á facultade de Ciencias da Comunicación para desenvolver as probas.

4. As entidades que fixeran probas de selección deben indicarlle á Oficina de Prácticas, no prazo estipulado, cales son as persoas escollidas para desenvolver prácticas na súa entidade. A oficina, pola súa banda, comunicaralles –de ser o caso, se escolleron acto público- aquelas persoas que se adxudicaron por nota media de expediente.

5. Unha vez que se coñecen as persoas que realizarán prácticas na entidade é o momento de cubrir o proxecto formativo. Debe nomearse unha persoa na empresa que cumpra a función de titor/a. O proxecto formativo é un contrato entre o estudante e a entidade onde se indican os datos do/a estudante, os do/a titor/a da entidade, duración das prácticas e aportación económica concreta. A entidade asume a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado na Seguridade Social.

6. Unha vez finalizado o período de prácticas a Oficina requírelle á entidade que cubra un formulario de avaliación dos estudantes ca finalidade de valorar o seu traballo e poder poñerlles unha cualificación.

Que máis implica este convenio?

Ao formalizar un convenio de prácticas a empresa entra a formar parte das entidades colaboradoras da Facultade. Isto implica que en caso de solicitar a cesión dun espazo aplicaríase unha bonificación económica. Por outra parte, estas empresas teñen prioridade no tocante á difusión dos seus propios eventos entre a comunidade da FaCom (alumnado, PDI e PTXAS).

TRANSFERENCIA EMPRESAS – UNIVERSIDADE

concíbese coma unha fiestra para conectar a Facultade coa sociedade nun espazo alternativo que fomentará a creatividade e a innovación do alumnado dos graos (en Xornalismo, Comunicación Audiovisual e o Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación) e do Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia.



Asementeira.gal concíbese coma unha fiestra para conectar a Facultade coa sociedade nun espazo alternativo que fomentará a creatividade e a innovación do alumnado dos graos (en Xornalismo, Comunicación Audiovisual e o Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación) e do Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia.

Onde podo complementar a información e como podo contactar coas persoas responsables das prácticas académicas externas da facultade?

Información xeral

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/practicas>

PERSOAL DE CONTACTO

Oficina de Prácticas Externas

881 816 564 | practicas.comunicacion@usc.es

Coordinadora do Programa de Prácticas Externas

Alba Silva Rodríguez | 881 816 523 | alba.silva@usc.es

Coordinador de Prácticas - Dobre Grao e Grao en Comunicación Audiovisual

Enrique Castelló Mayo | 881816529 | enrique.castello@usc.es

Coordinadora de Prácticas - Grao en Xornalismo

María Cruz Negreira Rey | 881816530 | cruz.negreira@usc.es

Coordinadora de Prácticas - Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia

Berta García Orosa | 881816524 | berta.garcia@usc.es

REDES SOCIAIS FACOM

A través das nosas redes sociais tamén se pode acceder a información relacionada cos eventos que teñen lugar na facultade.

